INSTITUTO NACIONAL DE ENSEÑANZA MEDIA
«ROSALIA CASTRO»
SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROFESORADO

27 novembro 1966

Sr. Don Ramón Otero Pedrayo

Ourense

Meu querido e admirado Otero: Moito lle agradezo a súa carta e o seu xuízo da miña Gramática. Opinouse que debía facela, e fíxena, ben seguro de que ía ter moitas eivas. Eu non na podía facer mellor. Fun liberado da obriga, i eso libérame dunha pesadume que xa era case que un pesadelo, pois repartida a miña vida entre Santiago e Lugo, as condicións en que traballo son adversas. Hoxe volvín de Lugo, a onde fun onte. Vou dormir os sábados á miña casa e xa durmo os domingos en Compostela. Durmo e preparo as miñas clases e non fago outra cousa o resto da semana: non hai espazo nen ocasión pra máis.

Moito me gabaron a súa conferencia sobre Fontán. Moito tempo feliz, era doado deixar unha clase pra escoitar a un amigo. Agora todo é friamente ordenancista e hai que se ater a un horario con firmas e controles. Un opinas

pode ver aos amigos da súa mocedade, convertidos en graves e atarefados xornaleiros da vida, cinxidos polos coidados i encastelados nas súas ocupaciós profesionás. No Seminario de Estudos Galegos tiñamos unha fermosa salamandra a cuio quentor podiamos trocar ensoños e ilusiós. No Instituto P. Sarmiento a pesada biblioteca solitaria apuravamos pra fora, sendo aquelas de artistas nas nosas vellas puntas que ameazándonos con sinistros e audacias.

Lonxe dos meus libros, non podo traballar na Historia da Literatura, e o tempo non está pra poemas líricos nin dramáticos. Quizáis algún día, cando remate as vacacións, teña folgos pra algo facer. Entramentres, intento acostumar a ouvir galego a un feixe de mozos. Xa sabe que son sempre o seu afervoado admirador e humilde discípulo

R. Carballo Calero